

CÓDIGO DEONTOLÓXICO DA PROFESIÓN QUÍMICA

PREÁMBULO

A conducta de todo profesional debe estar inspirada nunhas regras éticas que constitúan a deontoloxía da súa profesión. En gran medida, tales regras son comúns a todas as profesións, xa que se basean en criterios de honor, dignidade, solidariedade e bo exercicio profesional.

Pero no cabe dúbida que, entre unhas profesións e outras, existen trazos diferenciais que exixen a adecuación, a cada actividade concreta, dos principios xerais básicos de tales regras éticas, como son non causar danos ou de absterse de conductas lesivas para os intereses xerais ou particulares.

Por esta razón faise necesario establecer códigos deontolóxicos que conteñan, xunto ás normas éticas de carácter xeral, outras específicas da profesión de que se trate. Para difundir tales códigos entre os que exercen una mesma profesión, aquelas acostuman a incorporarse nos Estatutos dos respectivos Colexios Profesionais, cumpríndose así unha das exixencias da legalidade vixente.

No caso da profesión química, implicada na maioría dos problemas concernentes ás áreas vitais para o ser humano e o seu entorno, as responsabilidades éticas acúsanse cada día mais, polo que faise imprescindible definir os deberes que incumben a quen, nas diferentes especialidades, exercen a profesión química.

El quefacer profesional das persoas que exercen a profesión química pode exercerse, basicamente, de cinco maneiras distintas:

- Investigación.
- Ensinanza.
- Industria, que inclúe fabricación, desenvolvemento, normalización, deseño e control e xestión de calidade.
- Comercialización e estudo de mercados.
- Xestión e asesoramento que inclúe o libre exercicio, consultaría, análises económico e planificación, así como actividades propias dos funcionarios das distintas Administracións Publicas no comprendidas nos apartados anteriores (Sanidade, Agricultura, Obras Publicas, etc.)

A persoa que exerce a profesión química, pois, atópase sometido, dende o punto de vista deontolóxico, a dos ordes de principios éticos:

- Uns, de carácter xeral, análogos aos de outras profesións.

- Outros, derivados da forma de exercer a profesión que, aínda cando poida non diferir dos de outras profesións coas mesmas modalidades de exercicio, precisan un articulado específico por afectar a determinadas áreas vitais do ser humano e o seu entorno, o que se traduce nunhas responsabilidades éticas concretas en relación con:
 - O Medio Ambiente.
 - A Alimentación e Nutrición.
 - Aos Fármacos e outros axentes con efectos biolóxicos.
 - A substancias Tóxicas e Perigosas.

DEFINICIONES E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- O Código de Deontolóxico da profesión Química é o conxunto dos deberes das persoas que exercen a profesión química e que han de inspirar a súa conducta profesional.
- Debe ser atención primordial das persoas colexiadas no Colexio Oficial de Químicos de Galicia o respecto dos principios éticos que inspiran a profesión química.
- As disposicións do presente Código obrigan a todas as persoas que exercen a profesión química inscritas no Colexio Oficial de Químicos de Galicia, calquera que sexa a modalidade do seu exercicio profesional.
- Toda persoa que exerce a profesión química ten o deber de intervir activamente nas tarefas do Colexio Oficial de Químicos de Galicia ao que pertence, e velar polo cumprimento dos preceptos contidos no presente Código Deontolóxico, colaborando cos órganos de goberno do Colexio.

PRECEPTOS XERAIS

1. A persoa que exerce a profesión química deberá manter o honor e a dignidade da súa profesión, absténdose de toda conducta que poida redundar en descrédito da mesma.
2. A persoa que exerce a profesión química conservará sempre a independencia no cumprimento do seu deber, rexeitando todo aquilo que puidera afectar a súa liberdade e independencia ou poñelas en interdito.
3. A persoa que exerce a profesión química debe lealdade ás entidades ou persoas ás que presta os seus servizos e está obrigado a velar polos seus intereses lexítimos, considerándoos como seus propios, sempre que non sexan incompatibles coa súa conciencia.
4. A persoa que exerce a profesión química no deberá realizar ni participar en accións que puideran coartar a liberdade a independencia de aqueles cos que mantén relacións profesionais.

5. A persoa que exerce a profesión química non colaborará en accións ou traballos que leven a resultados contrarios ao interese público ou que poidan supoñer un risco indebido para a vida, a saúde das persoas ou benestar social.
6. A persoa que exerce a profesión química deberá esforzarse en manter relacións fraternais cos seus compañeiros de profesión, solidarizándose cos seus problemas profesionais, evitando a competencia desleal e prestándolles a máxima axuda cando a precisen.
7. A persoa que exerce a profesión química non discriminará a outras persoas por razóns de xénero, relixión, raza, características xenéticas ou razóns étnicas.
8. A persoa que exerce a profesión química no desvelará secretos nin información confidencial que haxa obtido con ocasión do seu exercicio profesional.
9. A persoa que exerce a profesión química deberá esforzarse en buscar a verdade dos feitos científicos, dándoos a coñecer, cando sexa necesario, sen exaxeralalos, falsealos nin deformalos, procurando manter os seus coñecementos permanentemente actualizados para poder exercer a profesión química coas debidas garantías científicas.
10. A persoa que exerce a profesión química deberá buscar e aplicar, no campo da súa especialidade, os mellores métodos científicos, enriquecéndoos, se fora posible, coa súa propia aportación.
11. A persoa que exerce a profesión química deberá buscar, observar e vixiar o cumprimento dos principios, normas, procedementos e métodos de actuación profesional, no solo para evitar riscos inaceptables, senón, tamén, para obter os maiores beneficios que do bo uso dos coñecementos científicos e técnicos poidan derivarse.

PRECEPTOS ESPECÍFICOS

12. A persoa que exerce a profesión química deberá previr os riscos que para a vida, a saúde das persoas ou para o medio ambiente poida ocasionar a súa actividade profesional.
13. A persoa que exerce a profesión química deberá coidar de que as instalacións, aparatos e métodos de traballo, nas actividades sometidas a súa supervisión, sexan as adecuadas para protexer a vida e a saúde do persoal do seu centro de traballo, así como de que non se produzan riscos indebidos que orixinen accidentes que poidan causar danos no entorno das instalacións ao seu cargo.
14. A persoa que exerce a profesión química deberá esforzarse en que a comercialización de calquera produto, en cuxa elaboración dalgunha forma interveña, inclúa o subministro de información veraz para o consumidor sobre o seu contido, utilización e posibles efectos directos e indirectos.
15. A persoa que exerce a profesión química deberá analizar e valorar os efectos da súa actividade profesional sobre o medio ambiente, coidando que se reduza o nivel de contaminación por debaixo

dos límites tolerables e non permitindo que intereses económicos primen sobre a conservación do medio ambiente.

16. A persoa que exerce a profesión química deberá velar porque los produtos alimenticios en cuxa obtención, comercialización ou control interveña, ao tempo de satisfacer os intereses económicos lexítimos de produtores e consumidores, no teñan efectos nocivos para a saúde do consumidor e cumpran as condicións de salubridade, calidade, características e presentación exixibles, sen menoscabo das condicións sanitarias do alimento e sen recorrer á adulteración, aínda no suposto de que este fora inocua para a saúde.
17. A persoa que exerce a profesión química que desenvolva actividades profesionais relativas a substancias que puideran producir efectos biolóxicos, deberá valorar estas dentro do contexto dos coñecementos vixentes na comunidade científica, para axuizar con acerto os problemas que se expoñan, recollendo, se fora necesario, o asesoramento doutros profesionais en áreas ás que a súa formación non lle permita o acceso directo.

Así mesmo, deberá tomar en consideración os efectos somáticos xenéticos que puideran orixinar as súas actividades, cando estas se refiran á obtención, comercialización ou emprego de substancias químicas utilizadas en agricultura, medicina, farmacia, veterinaria, alimentación ou hixiene.

18. A persoa que exerce a profesión química que interveña na fabricación, manipulación, comercialización ou emprego de substancias tóxicas ou perigosas, deberá esforzarse por coñecer e valorar os efectos das mesmas, con obxecto de terminar e tomar as precaucións que deban rodear tales actividades.

No deberá permitir que intereses económicos primen por encima dos que permitan establecer as limitacións necesarias para reducir os riscos ata valores aceptables e poñerá en coñecemento dos seus superiores ou autoridades os seus efectos, se non foran previamente coñecidos, procurando, ademais, que estas substancias se destinen exclusivamente aos usos e usuarios debidamente autorizados.

FINAL

19. O Colexio Oficial de Químicos de Galicia creará a Comisión Deontolóxica Química, para velar polo cumprimento dos preceptos contidos neste Código, así como para a súa actualización e adaptación ás necesidades da Sociedade.

Santiago de Compostela

1 de xullo de 2024